

Rogos e preguntas do Pleno de abril de 2022

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: En decembro de 2021 presentouse “Informe sobre visitas realizadas para comprobación de bombeos da rede de saneamento do Concello de Bueu”, asinado por Francisco Javier Centeno Ameijeiras e presentado por Lagares. En dito informe consta que se requiriu unha avaliación de “incógnito” –sen que se enterase a empresa concesionaria–, a pesar de que o Prego establece no artigo 38.3 que se as circunstancias o aconsellan, o Concello terá libre acceso ás instalacións para obter os datos necesarios sobre o funcionamento, ademais de poder intervir directamente nos tres últimos anos de concesión. Por que motivo se pediu que se informase de incógnito? Que criterios se seguiron para escoller a esta empresa e non a outra?

Resposta: o informe solicitado tiña como obxectivo realizar unha primeira indagación sobre o funcionamento de ditas instalacións. Con respecto aos criterios de elección da citada empresa, vén motivado na súa experiencia e coñecemento do servizo municipal de Bueu, posto que noutras ocasións xa teñen elaborado informes requiridos.

Pregunta: A pesar de que actualmente o Concello de Bueu conta cunha persoa no seu cadro de persoal coa denominación “Operario cemiterio” e que este viña realizando enterros até o de agora, o Concello de Bueu contratou durante o ano 2021 á empresa Gestión Integral de Cementerios Galicia S.L. para realizar enterros e depositar cinzas. Ditos traballos, segundo consta en informe de intervención, superaron ao longo do exercicio económico os 15.000 euros fixados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, incumprindo, pois, a lexislación vixente. Ten previsto o goberno local licitar este servizo á vista de que está vulnerando os límites legais da súa actuación? Que outras opcións manexa mentres tanto para non infrinxir a Lei?

Resposta: Si, tan pronto sexa posible, atendendo ao volume de asuntos e á priorización dos mesmos. En todo caso, no seu momento era necesario adoptar unha

decisión urxente considerando a mala imaxe que o Concello estaba prestando na xestión deste servizo.

Pregunta: Na factura 21-75 presentada por Gestión Integral de Cementerios Galicia S.L. consta a cantidade de 4 “cenizas” con prezo unitario 0€. Por outra banda, na factura 2021140 facturase 1 unidade de “cierre y cenizas” por 1120 euros máis IVE, mentres que na factura 21-75 o “cierre” ten un prezo unitario de 100 euros máis IVE. Trátanse de erros na factura?

Resposta: non se trata dun erro. A factura co desglose está no propio expediente de facturas, onde xa se detallan os custes de cada servizo.

Pregunta: Con data 03/02/2022 a empresa Instalaciones y Mantenimiento Galipar S.L. presentou unha factura por valor de 16421,78€ pola substitución do pavimento frontal do estaleiro de Purro. Actualmente, o espazo que rodea o estaleiro ten varios tablóns rotos que supoñen un risco para a cidadanía. En que data se realizaron estes traballos? Tendo en conta que todo o espazo leva deteriorándose moito tempo, por que se deixou que expirase o prazo da garantía en vez de facer que o adxudicatario se fixese cargo das reparacións? Como se vai realizar a seguinte reparación e cantos cartos prevé o goberno local que custe?

Resposta: Esa factura correspóndese cunha substitución da parte frontal do material en mal estado por táboas de maior resistencia, porque tal e como estaba dificultaba a mobilidade e a seguridade das persoas que utilizaban este espazo como paso dende a rúa Montero Ríos. Tal e como se lle comentou nalgunha sesión plenaria anterior, o problema non estaba en que co prazo de garantía se puidese actuar contra a empresa contratista por unha mala ou deficiente execución da obra, senón que o material que figuraba no proxecto técnico aprobado inicialmente non é o adecuado para este tipo de superficies. Polo tanto, resulta claro que non se trata dunha deficiente execución, senón dunha mala elección do material utilizado para unha superficie exterior de moito tránsito. En todo caso, na segunda fase da rehabilitación do estaleiro solventaranse definitivamente os problemas descritos anteriormente.

Pregunta: Calixto Escariz S.L.U. presentou en data 03/02/2022 unha factura (244/2022) co concepto “[...] Johan Carballeira. Entrega del proyecto de expropiación para su aprobación inicial. Según presupuesto de referencia Pj. 10590/2017 (1)”. Un mes e medio despois (16/03/2022) presentei una solicitude para acceder ao expediente, o cal se me denegou afirmando que non está “incoado ningún expediente administrativo”. Á vista de que o propio concepto é “entrega do proxecto”, por que non se me facilita acceso a dito proxecto que foi entregado e facturado pola empresa e incluído na relación de facturas do Concello?

Resposta: esta pregunta xa foi respostada pola Alcaldía en data 17/03/2022, e os motivos seguen sendo exactamente os mesmos, é dicir “que se trata dunha documentación preparatoria, sen que polo de agora estea incoado ningún expediente administrativo. Así e todo, cando este sexa creado facilitarémolle o acceso.

Rogos

A Sra. Estévez Freire

O rogo, ten que ver coa concentración do 23.03.22, en relación á concentración polo asasinato de Jessica Méndez e no que se fixeron uns comentarios en relación ao PP, di que se politizou esa concentración, sinala que non é bo que se utilice ese tipo de actos para acusar ao PP e concretamente ao presidente da xunta de Galicia, e pensa que non se debería de facer ese uso político neses actos. Di que se se impulsan como institución municipal, pide que non se fagan ningún tipo de descalificativos.

A Sra. Villanueva Reboiras

Roga que se trate a praga de ratas que hai na rúa Banda do Río, e unha invasión grande, e que cambien as redes e arranxen o buraco que hai, polo menos poñerlle unha sinal.